

BASES DO SORTEO PEQUE-ENTROIDO (Campaña San Valentín de Entroido 2026)

1. Organización

A Asociación de Empresarios da Comarca de Arzúa (AECA), no marco da campaña *San Valentín de Entroido*, organiza o SORTEO PEQUE ENTROIDO, que se desenvolverá o venres 13 de febreiro de 2026, en horario comercial de tarde, nos establecementos asociados a AECA, co obxectivo de dinamizar o comercio local e de fomentar a fidelización das familias consumidoras.

2. Persoas participantes

Poderán participar menores de ata 14 anos, sempre acompañados/as por unha persoa adulta. Será requisito imprescindible acudir disfrazados/as a algún dos comercios asociados participantes, debidamente identificados coa cartelería oficial da campaña *San Valentín de Entroido*.

3. Mecánica de participación

No interior do establecemento elixido, o/a participante deberá realizar unha fotografía na que se aprecie claramente o disface e se identifique o comercio asociado.

A imaxe deberá enviarse ao WhatsApp de AECA (636 041 693) indicando o nome completo do/a menor.

Unha vez recibida e validada a fotografía conforme ás presentes bases, AECA asignaralle un número de participación para o sorteo.

Se, ademais, a imaxe se publica nalgunha das redes sociais de AECA:

- Facebook: *Aeca Asoc Empresarios*
- Instagram: *@asoc_empresarios_aeca*

o/a participante obterá unha participación adicional, asignándosele un segundo número.

Para que esta participación extra sexa válida será necesario:

- etiquetar o comercio ou a persoa comerciante, ou ben rexistrar a visita ao establecemento en tempo real.
- empregar o hashtag #PequeEntroido na publicación en *feed*.

Co fin de protexer a identidade do/a menor, permítese o uso de pixelado ou outros sistemas de ocultación da imaxe.

4. Limitacións de participación

Cada participante só poderá participar cunha única fotografía, considerándose válida exclusivamente a primeira imaxe recibida no WhatsApp de AECA.

5. Modalidade de participación

A participación será individual. Non se admitirán participacións en grupo nin se permitirá compartir o premio entre varias persoas.

6. Premio

Sortearase un único premio consistente en:

- 1 bono de compra por valor de 50 €, para canxear exclusivamente no establecemento asociado a AECA dende o que se realizou a fotografía de participación.

7. Celebración do sorteo

O sorteo celebrarase o mércores 18 de febreiro de 2026, en directo dende a emisora Radio Arzúa, entre todos os números asignados correctamente, seguindo a orde de recepción das imaxes.

8. Comunicación e canxe do premio

O/a gañador/a será informado/a o mesmo día do sorteo a través de WhatsApp.

O bono deberá canxearse nun prazo máximo dun mes, ata o 18 de marzo de 2026, data na que o premio caducará.

O pai, nai ou titor/a legal deberá anticipar o gasto e presentar na sede de AECA os tickets de compra, con data posterior ao sorteo e por un importe igual ou superior ao valor do bono, para proceder ao abono do premio.

9. Entrega do premio e uso da imaxe

Unha vez xustificado o gasto, o premio poderá cobrarse na sede de AECA. A organizadora poderá publicar imaxes do momento da entrega do premio nas súas redes sociais e/ou páxina web.

A aceptación do premio implica a autorización para o uso do nome e da imaxe con fins promocionais da campaña. Esta autorización poderá ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido a AECA, acompañado dunha copia do DNI do/a titor/a legal.

10. Descalificación

AECA resérvase o dereito de descalificar calquera participación que incumpra as presentes bases, amose comportamentos inadecuados, careza dunha calidade mínima no disfrace ou poida prexudicar a imaxe da organización, así como de resolver calquera situación non prevista.

11. Protección de datos

Os datos persoais facilitados serán tratados conforme á normativa vixente en materia de protección de datos. As persoas titulares poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito dirixido a AECA, indicando a referencia "Protección de Datos Sorteo Peque-Entroido 2026".

12. Aceptación das bases

A participación neste sorteo implica a aceptación íntegra das presentes bases.